

A zapatilla de Rhodopis

Poucos anos antes de que o país fose invadido polos persas, gobernou en Exipto o faraón Amasis. Para protexer o territorio da ameaza do rei persa Ciro, que estaba conquistando todo aquel mundo, o monarca permitiu que os gregos comerciasen e se establecesen sen problemas en Exipto. Por iso, concedeulles a cidade de Naucratis para o seu uso exclusivo.

En Naucratis, preto da desembocadura do Nilo en Canopus, vivía un próspero comerciante grego chamado Charaxos. Nacera na illa de Lesbos, e era irmán da célebre poetisa Safo; pero a maior parte da súa vida dedicouna ao comercio con Exipto. Cando accedeu á idade madura decidiu asentarse en Naucratis. Un día, mentres paseaba polo mercado, divisou un xentío que se arremuiñaba onde vendían aos escravos. Arrastrado pola curiosidade, abriuse paso a empurróns e viu a causa do balbordo: unha fermosa rapariga que acababa de ser posta en venda.



A súa aparencia delataba as raíces gregas da súa orixe: unha pálida pel e unhas fazulas coloreadas como os pétalos dunha rosa. Charaxos quedou sen alento: era a criatura máis fermosa que vira na súa vida. En canto comezou a poxa, Charaxos entrou inmediatamente nela, decidido a facerse coa rapariga. Como era un dos comerciantes máis ricos de Naucratis, logrou o seu propósito sen moitos contratempos.

Logo de adquirir á rapariga decatouse de que se chamaba Rhodopis, que viña do norte de Grecia e que fora raptada por piratas cando era unha nena. Vendérona a un rico terratenente que tiña numerosos escravos ao seu servizo na illa de Samos. Alí transcorrera a súa nenez, xunto a outro dos escravos que vivían con ela. Era un homiño máis ben feo chamado Esopo, que fora sempre moi xentil coa nena, e que lle

contaba unhas historias e fábulas maravillosas sobre animais, aves e seres humanos. Pero cando se fixo unha mociña, o seu amo decidiu sacar partido a unha rapariga tan bela. Así que a mandou a Naucratis para poñela en venda.

A historia da moza fixera nacer en Charaxos unha profunda compaixón. Ao pouco andaba como encantado por ela. Regaloulle unha casa estupenda cun xardín no patio e nenas escravas que lle servían e atendían. Colmouna de agasallos, de xoias e suntuosas roupaxes, e a coidou coma se fose a súa propia filla.



Un día aconteceu algo estraño mentres Rhodopis se bañaba na piscina de mármore do seu xardín privado. Era mediodía, cando o clima no verán adquire toda a súa calor no norte de Exipto. A rapariga refrescábase languidamente na auga e as nenas escravas gardábanlle a roupa, vixiando un cinto de pedras preciosas e unhas zapatillas dun vermello intenso, polas que Rhodopis sentía predilección.

Todo parecía estar tranquilo e acougado. Pero de súpeto apareceu unha aguija no medio do ceo azul e baixou planeando, directa ao grupo de mulleres da piscina coma se fora a atacalas. As escravas tiraron as roupaxes e fuxiron desaboridas a esconderse entre a vexetación do xardín. Rhodopis saíu da auga e quedou de costas á fonte de mármore que había nun dos extremos, mirando á ave cos ollos asustados e como pratos.

A aguija estaba tan campante. Foi directa a unha das zapatillas e a estrullou firmemente entre as garras. Logo remontou o voo coa zapatilla no seu poder batendo as súas enormes ás. Desapareceu polo val do Nilo en dirección ao sur e ao deserto. Rhodopis verteu amargas bágoas pola perda da súa zapatilla vermella, pois estaba convencida de tela perdida para sempre. Ademais, sentía moito pesar por extraviar un agasallo de Charaxos.

Pero a aguija parecía ser enviada polos deuses, polo propio Horus quizais, deus ao que estaba consagrada a súa especie. O paxaro foi directo a cidade real de Memfis,

seguindo o mesmo río Nilo, e descendeu gracilmente ata o palacio. Nese mesmo instante, o faraón Amasis achábase no patio real, impartindo xustiza entre os seus súbditos e atendendo ás queixas que estes desexasen formularlle. A aguia pasou sobrevoando o patio e deixou caer a zapatilla vermella no colo do faraón.



As xentes proferiron exclamacións de asombro ante tal acontecemento; Amasis tampouco quedou impasible. Examinou a pequena zapatilla e admirou a súa delicada estrutura e o seu pequeno tamaño. Imaxinou que a rapariga dona de tal zapatilla debía de ser sen dúbida dunha gran fermosura.

Este acontecemento impresionou tan fondamente ao faraón que promulgou un decreto real para que fose buscada.

Os emisarios prostráronse ante el e exclamaron con reverencia:

-Oh, faraón noso, a quen desexamos longa vida e fortaleza! O faraón falou e as súas ordes serán cumpridas!

Así que con rapidez partiron os emisarios. Pasaron polas cidades de Heliópolis, Tanis e Canopus, ata que por fin chegaron a Naucratis. Alí decatáronse da existencia dun tal Charaxos, un rico comerciante que adquirira a unha fermosísima moza grega no mercado de escravos. Dician que a trataba con moito luxo, coma se fose unha princesa que os deuses deixasen ao seu cargo. Encamiñáronse sen máis á súa mansión xunto ao Nilo e alí acharon a Rhodopis no tranquilo xardín, a carón da piscina.

Cando lle ensinaron a zapatilla, a moza non puido reprimir unha exclamación, porque a recoñeceu. Estendeu o pé para que puidesen ver que a zapatilla era súa; mandou a unha das nenas escravas a buscar a outra, que gardara como recordo do estraño episodio da aguia.

Entón, os emisarios descubriron que era esta a moza que o faraón andaba buscando; axeonlláronse diante dela e exclamaron:

-Oh, bo deus, o faraón Amasis, a quen desexamos longa vida e fortaleza, prégavos que acudades de inmediato ao seu palacio de Memfis! Alí seredes tratada con todas as honras e concederádevos un alto rango entre as súas esposas reais. Pois está

convencido de que Horus, fillo de Osiris e Isis, mandou a aguia para facerlle saber da vosa existencia.

Era imposible non acatar unha orde semellante. Rhodopis despediuse de Charaxos, que se achaba dividido entre unha enorme alegría pola sorte da rapariga e a pena por perdela, e partiu para Memfis.

Cando Amasis viu o bela que era, non só a incorporou ao seu harén de esposas reais, senón que a fixo a súa primeira esposa e raíña de Exipto. E viviron felices polo resto dos seus días.

Os dous morreron un ano antes da invasión de Cambises, o rei persa...

© [Escola de Ismaíl \(2\)](#), 2009-2011

THE EGYPTIAN CINDERELLA

by Shirley Climo • illustrated by Ruth Heller



